

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

CURSO 2018-2019

5.- AVALIACIÓN: PROCEDEMENTOS E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Durante o curso académico o profesorado do departamento de francés recorrerá a tres tipos de avaliación que serán divididos segundo a súa función e o momento en que se integran no proceso de aprendizaxe.

1. A avaliación inicial ou diagnóstica: Terá por finalidade coñecer mellor o potencial da clase ó principio do curso académico. Permitiranos coñece-lo nivel e coñecementos previos dos alumnos e medi-lo camiño que hai que seguir para acadar os obxectivos en función do nivel inicial de partida. Esta avaliación inicial poderá facerse mediante actividades ou cuestións escritas ou orais.

2. A avaliación formativa: Permitiranos medir progresivamente as adquisicións e facer evolucionar a dinámica da aprendizaxe. Botarase man para isto especialmente da observación sistemática do traballo dos alumnos e da evolución da súa aprendizaxe, de traballos escritos ou de tarefas orais. A avaliación basearase en observar e detectar os avances do alumno/a, pero, tamén as súas dificultades á hora de afrontar novas situacións de aprendizaxe, de utilizar contidos xa aprendidos ou que están por aprender. Esta avaliación permitirá comprobar o progreso dos alumnos/as fronte aos novos contidos ou, se é o caso, ante a presenza de grandes dificultades dos alumnos, reconsiderar-lo que se está a facer (introducción de certas actividades de reforzo, modificación do xeito de abordar certos contidos...).

3. A avaliación final: Permitiranos medir as adquisicións á fin de cada fase de aprendizaxe: ao rematar cada lección, módulo ou unidade didáctica, ao rematar o trimestre e mesmo globalmente á fin do ano académico. Farase por medio de probas escritas e orais que retomen o traballo da aula, propoñendo situacións similares para que o alumno/a amose a súa aprendizaxe. Desta avaliación resultará unha cualificación.

As informacións cuantitativas (aquelas que permiten a súa extrapolación numérica: o exame tradicional), e cualitativas (intervención dun alumno/a nunha interacción oral, por exemplo) deberán ser recollidas mediante instrumentos que permitan a súa obtención nos momentos en que a avaliación se leva a cabo. En función do tipo de información, o profesor/a decantaráse por un instrumento determinado.

Os instrumentos de avaliación deben ser congruentes co que se pretende avaliar. Para a avaliación formativa, os instrumentos cuantitativos - considerados máis obxectivos - poden ser: tests, probas escritas ou orais, cuestionarios de resposta múltiple ou de verdadeiro e falso, preguntas de asociación, de organización de items, etc. En canto os cualitativos temos as entrevistas, a observación directa durante a realización das actividades ou das tarefas, o caderno

de clase ou en última instancia as gravacións dos alumnos mentres fan actividades orais se fora preciso e posible.

A observación é especialmente interesante, pois permitirá os profesores do departamento comprobar se o alumno/a está realizando os pasos procedementais correctos, se manifesta as actitudes desexables, se recorre os coñecementos necesarios, etc.

Tamén o alumno/a debe analiza-la súa aprendizaxe. Para isto recorrerase cando sexa oportuno á autoavaliación. Como instrumentos de autoavaliación utilizaremos grellas ou fichas para avaliar tarefas realizadas na aula de modo individual e en grupos. Non terá validez para actualización final pero é moi importante para o alumnado porque existe unha reflexión sobre a lingua, sobre a súa capacidade para usala e sobre o propio proceso de aprendizaxe.

As probas que se realizarán aos alumnos abranguerán exames escritos e exames orais. Os exames escritos poderán incluír preguntas sobre situacións de comunicación ou contidos funcionais, contidos gramaticais e léxicos e contidos socioculturais ou redacción dun texto. Mais a avaliación non se equiparará aos resultados dos exames escritos exclusivamente. As probas medirán non só a competencia comunicativa no bloque da comunicación escrita; tamén se avaliará o bloque da comunicación oral, mediante exames orais específicos e probas de comprensión oral ou écoutes.

Nas tarefas que deberán realizar, pediráselles, dependendo dos cursos, que:

Para a Eso:

- Comprendan mensaxes orais e escritos breves e sinxelos sobre temas que lles sexan coñecidos, falando amodo e con claridade cando se trata de mensaxes orais.
- Participen de forma comprensible en diálogos breves relativos a situación coñecidas, empregando estruturas sinxelas e as expresións máis usuais da relación social e adecuando a súa mensaxe á situación de comunicación.
- Redacten mensaxes comprensibles, breves e sinxelos, sobre temas cotiáns, utilizando o léxico apropiado e respectando as regras básicas da comunicación escrita.
- Lean individualmente textos sobre temas coñecidos ou relacionados con materias do currículo con apoio visual, amosando a súa comprensión mediante tarefas nas que deberán poñer en relación, por exemplo, imaxes e texto.
- Memoricen pequenos textos, poemas... que recitarán ou interpretarán de maneira comprensible.
- Identifiquen, utilicen e poñan exemplos dalgunhas estratexias utilizadas para progresar na aprendizaxe.
- Identifiquen algúns elementos culturais ou xeográficos propios dos países e culturas onde se fala a lingua estranxeira e amosen interese por coñecelos.
- Teremos en conta ademáis a participación do alumno na clase, a contribución ao traballo do grupo, o respecto aos compañeiros e ao profesor e a súa contribución ao normal desenvolvemento da clase.

Para Bacharelato:

- A realización de actividades de diferentes tipos (comprensión oral e escrita, redacción de escritos, exercicios de expresión oral, análise de documentos...) Estas tarefas levaranse a cabo durante a clase ou faranse como deberes na casa.
- A participación activa na clase intercambiando opinións, debatendo, conversando con razoable fluidez e corrección gramatical.
- Modelos de probas dos exames para o acceso a Univeridade (ABAU).
- Probas de comprensión oral sobre temas coñecidos e dos modelos da ABAU.

A avaliación centrarase pois sobre as catro destrezas: expresión escrita, expresión oral, comprensión escrita ou comprensión de lectura e comprensión oral e servirá para que o/a alumno/a reflexione sobre a súa aprendizaxe e para que o/a profesor/a reflexione sobre o seu papel como facilitador/a desa aprendizaxe.

En casos excepcionais como os de alumnos que teñan perda da escolaridade por acumular máis faltas das permitidas ou de alumnos que non chegaron ó nivel mínimo requerido para obter unha cualificación positiva nas diversas probas de cada avaliación poderánse facer exames globais ou exames de recuperación no momento e nos casos en que estea así estipulado ou nos que o profesor o considere oportuno.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para a avaliación terase en conta:

- Observación sistemática por parte da profesora.
- Exercicios orais e escritos sobre as unidades traballadas
- Traballo en equipo: avaliándose a capacidade do alumnado para colaborar nas tarefas de grupo, asumindo o comportamento e á responsabilidade (data presentación dos traballos etc)
- Traballos individuais
- Controis trimestrais coincidindo coas tres avaliacións
- Pequenas conversacións fluídas.
- Lecturas
- Documentos audiovisuais

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Para a etapa da ESO:

Para a cualificación faremos a seguinte porcentaxe:

- ❖ Un 80% da nota corresponderá ás notas acadadas nos exames, á nota de CO (probas e exercicios de clase), CE, traballos (en grupo o individual), redacións (EE) e EO...
- ❖ Un 20% : traballos voluntarios, lecturas complementarias, deberes, actitude, participación, colaboración, presentación e conservación do material.

Para a etapa do BACHARELATO:

Para a cualificación faremos a seguinte porcentaxe:

- ❖ Un 90% da nota corresponderá ás notas acadadas nos exames, á nota de CO (probas e exercicios de clase), CE, traballos (en grupo o individual), redacións (EE) e EO...
- ❖ Un 20%: traballos voluntarios, lecturas complementarias, deberes, actitude, participación, colaboración, presentación e conservación do material.

As datas dos exames serán postos de acordo a profesora e o alumnado prevalecendo o criterio da maioría e o criterio pedagóxico.

No caso de non poder facer un exame por imprevisto, enfermidade, etc., e dada que ésta é unha materia de avaliación continua dito exame será recuperado na sesión posterior á incorporación do alumno, mantendo así o criterio de igualdade entre o alumnado, de maneira que ninguén se sinta prexudicado: nin as persoas que fixeron o exame no día correspondente, nin as que non o puideron facer. A ausencia deberá estar xustificada dun xustificante médico, no caso de enfermidade, ou ter avisado con anterioridade, no caso de ausencias de outro tipo. Tamén o profesor poderá, se un alumno non se presentase os días das probas e non achegase un escrito que xustifique esa falta non repetirlle o exame e notar o exame cun cero.

Ao tratarse dunha materia de avaliación continua, non haberá exames de recuperación. Se un alumno suspende unha avaliación, se aproba a seguinte considerarase como recuperada a que estaba suspensa. No caso de non superar a avaliación de xuño, o alumno poderá facer un exame que abranguerá a materia vista ao longo do curso. Se todavía non supera a terceira avaliación, terá que presentarse ao exame de setembro, de novo con toda a materia. Será un examen escrito.

As notas de avaliación redondearanse a número enteiro da seguinte forma: se o decimal é igual ou maior a 5, redondéase ao enteiro seguinte; se é menor de 5, quedará no enteiro que o acompaña.

6. RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Para a avaliación da materia pendente, o departamento propondrá a realización dun exame para pendentes e a presentación e realización dunha serie de actividades escritas correspondentes ós contidos específicos de cada curso.

O exame terá lugar no mes de maio. Con anterioridade ao exame o alumno deberá ter entregada cumprimentadas as actividades proporcionadas polo departamento. A realización satisfactoria destas actividades, significará dous puntos na nota final do exame de pendentes do mes de maio.

Os alumnos con materia pendente poderán contar coa axuda do xefe do departamento para resolver as dúbidas que teñan ou lle poidan xurdir con respecto á comprensión dos contidos que forman parte do exame final ou aqueles relacionados coas actividades específicas de recuperación.